Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU | GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE VIVIENDA Y AGENDA URBANA | Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia | XUNTA DE GALICIA | Concello da Coruña

# ANEXO XI. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

**(A cubrir só no caso de concesión da subvención solicitada, unha vez recibida a resolución).**

**PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU, NOS CONTORNOS DE REHABILITACIÓN PROGRAMADA (ERRP) DECLARADOS NO CONCELLO DA CORUÑA**

**Datos da persoa interesada**

| | |
|---|---|
| Nome | |
| Primeiro apelido | Segundo apelido |
| ◯ DNI/NIF ◯ NIE ◯ Pas. ◯ Outros | Número |

**E, na súa representación (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**

| | |
|---|---|
| Nome | |
| Primeiro apelido | Segundo apelido |
| ◯ DNI/NIF ◯ NIE ◯ Pas. ◯ Outros | Número |

**Datos de contacto para notificacións**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Tipo de vía | Nome de vía | | | Número |
| Km | Bloque | Escaleira | Andar | Porta |
| Código postal | Municipio | | Provincia | |
| Correo electrónico | Teléfono móbil | | Teléfono | |

☐ AUTORIZO ao Concello da Coruña a realizar notificacións á miña caixa de correos electrónica, mediante comparecencia na Sede electrónica logo de se identificar fidedignamente. En todo caso, serán notificadas por esta vía as persoas obrigadas segundo o art. 14.2 da Lei 39/2015.

**Datos do edificio ou vivenda**

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *Tipo (rúa, Av., Praza...)* | Nome de vía | *Núm.* | *Bloque* | *Planta* | *Porta* |
| *Código postal* | *Referencia catastral do edificio/vivenda* | | | | |

**Datos da actuación**

| | |
|---|---|
| Actuación | |
| Importe da subvención concedida (en euros) | |
| Nº DE EXPEDIENTE | |

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

A persoa solicitante ou o seu representante DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Coñecer o financiamento, detallada na convocatoria e na resolución, e o custo total subvencionable da actuación solicitada sobre o que se aplica a porcentaxe de axuda.

2. Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións e as obrigas que implican a aceptación da axuda.

3. Que coñece as datas de execución e xustificación da actuación e comprométese a cumprilas.

4. Que, en aplicación do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, acepta o rexistro dos seus datos nunha base de datos única determinada polo Estado español, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

5. Que en relación cos datos referidos na letra d), número 2, artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, acepta a cesión e tratamento dos ditos datos cos fins expresamente relacionados no número 3 do mencionado artigo.

6. Que acepta a obriga de adoptar as medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de intereses e o dobre financiamento, a través do plan anti fraude propio do Concello da Coruña, especialmente no referido á canle de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude (https://www.coruna.gal/descarga/1453877635640/PIMAC-2024_web.pdf).

7. Que coñece as responsabilidades e obrigas que debe cumprir en materia de información e comunicación que figuran no Manual de Imaxe do Programa, dispoñible na web do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana (https://www.mivau.gob.es/), en toda referencia en calquera medio de difusión á actuación obxecto da axuda, así como cumprir co establecido en medidas de publicidade no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia.

8. Que se compromete a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no ambiente («DNSH» polas súas siglas en Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia – Financiado por la Unión Europea – NextGenerationEU inglés «do non significant harm») na execución dos proxectos relacionados na resolución.

9. Que en relación co artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro de 2021, e o artigo 129 do Regulamento financeiro (Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, a entidade que representa, beneficiaria da subvención, comprométese mediante a sinatura deste documento a conceder os dereitos e os accesos necesarios para garantir que a Comisión, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias.

10. Que coñece que esta axuda contribuirá ao cumprimento dos obxectivos nacionais nº 27 e 29 establecidos en anexo á Decisión de Execución do Consello, do 16 de xuño de 2021, de aprobación da avaliación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, así como ao obxectivo rexional de compromiso de axudas, fixado no artigo 5 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que me comprometo a participar, facendo uso adecuado dos recursos públicos que se me conceden.

11. Que coñece que ten a obriga de conservar os documentos orixinais xustificativos da aplicación dos fondos recibidos de acordo co disposto no artigo 132 do Regulamento (UE) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo, sobre as normas financeiras aplicables ao Orzamento xeral da Unión e, en particular, que debe manter un rexistro e conservar os documentos orixinais xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernente ó financiamento, así como os rexistros e documentos en formato electrónico, durante un período de cinco anos a partir do pagamento da actuación. Este período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.

12. Que coñece que esta axuda se enmarca no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España dentro do Compoñente 2 de impulso das actuacións de rehabilitación e mellora do parque edificatorio en ámbitos urbanos e rurais, investimento C02. I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais» campo de intervención 025bis «Renovación da eficiencia enerxética dos inmobles existentes, proxecto de demostración e medidas de apoio conformes cos criterios de eficiencia enerxética» do anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro, contribuíndo cunha porcentaxe de achega do 100% aos obxectivos climáticos e cun 40% aos ambientais.

**ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A persoa solicitante/representante manifesta expresamente que ACEPTA a dita subvención e por tanto acepta as medidas e as condicións obrigatorias que comporta, expostas neste documento e na resolución, ademais das contidas na normativa reguladora da axuda e as disposicións legais vixentes que sexan de aplicación.

A Coruña, ....... de................................. de 2025.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**